

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

Figura 1



Figura 2



- Analice os tipos de documentos e identifique a paisaxe agraria á que pertence a imaxe do documento.
- Comente as características do medio físico, os elementos da paisaxe rural (morfoloxía e tipos de paisaxes) e o hábitat (poboamento e características das vivendas e dependencias agrarias) e a estrutura agraria (poboación, características das explotacións) que aparecen no documento 2
- Analice os usos do solo e os sistemas de cultivo destes espacios (agricultura, gandería e explotación forestal)

a) Analice os tipos de documentos e identifique a paisaxe agraria á que pertence a imaxe do documento.

O documento 1 trátase dun **mapa temático e corocromático** que representa a **distribución das paisaxes agrarias** en España, abarca a Península e os arquipélagos canario e balear. Tamén aparece a **división provincial**.

Verde: Paisaxe agraria oceánica do norte peninsular.

Marrón: Paisaxe agraria de montaña

Amarelo: Paisaxe agraria mediterránea de interior.

Laranxa: Paisaxe agraria mediterránea litoral.

Vermello: Paisaxe agraria canaria.

O documento 2 é unha **fotografía panorámica** que presenta unha **paisaxe agraria oceánica do norte e noroeste peninsular**.

b) Comente as características do medio físico, os elementos da paisaxe rural (morfoloxía e tipos de paisaxes) e o hábitat (poboamento e características das vivendas e dependencias agrarias) e a estrutura agraria (poboación, características das explotacións) que aparecen no documento 2

Posúe un **relevo accidentado**, con escasas superficies chas; o **clima é oceánico**, chuvioso todo o ano e con temperaturas moderadas e con escasa amplitude térmica.

O tipo de paisaxe que se pode observar é **bocage**, a súa forma é **irregular**, xa que soen ser típicos de **zonas montañosas**.

O tamaño das parcelas é **pequeno (minifundio)**, para corrixilo, impulsouse a **concentración parcelaria**, con escasos resultados).

Neste tipo de paisaxes as parcelas son **pechadas** mediante muros e valados, para facer **compatible a gandería coa agricultura**, xa que permite ter o gando solto nas parcelas, o que favorece o **abonado natural** das terras.

Polo contrario, debido as súas características a **utilización de maquinaria é dificultosa e pouco rentable**.

Obsérvanse parcelas **dedicadas a prados** para o gando vacún e ovino, e as agrícolas ao **policultivo**, tradicionalmente para eran para **autoabastecimiento** pero na actualidade prodúcese para o mercado.

A **poboación**, tradicionalmente moi numerosa, é **hoxe escasa e envellecida**, dado que se viu forzada a emigrar ante a incapacidade do campo de proporcionarlle ingresos suficientes.

O **poboamento** predominante é disperso intercalar a partir de aldeas, parroquias e vilas.

As **casas son de pedra** (Galicia ou Asturias) ou de **madeira entramada** (consta dunha estrutura de madeira, visible ao exterior típicas do País Vasco e Cantabria), e co **tellado inclinado** polas abundantes precipitacións.

O plano soe ser de **casa bloque** (encerra baixo o mesmo teito a vivenda e as dependencias agrarias) e **en altura** (dividida en pisos tendo as dependencias agrarias na planta baixa e a vivenda na parte superior).

c) Analice os usos do solo e os sistemas de cultivo destes espazos (agricultura, gandería e explotación forestal).

Os **usos do solo na España húmida** son **basicamente gandeiros**.

* **Agricultura** ocupa unha **escasa superficie**.

Na **costa**, os campos sitúanse no fondo dos vales; no interior, ao ser estes máis estreitos, o seu aproveitamento agrícola é moi pequeno.

É unha agricultura de **secaño húmido**, debido á regularidade das precipitacións.

- **No pasado** practicábase o **policultivo en réxime intensivo** porque os campesiños vivían moi illados e necesitaban autoabastecerse.

Cultivábanse produtos hortofrutícolas en pequenas hortas (col, repolo, cebolas...) situadas preto das casas para o consumo familiar, e millo, pataca, árbores froiteiras e vide, está última sobre todo en Galicia.

Nas **terras de peor calidade sementábase cebada ou centeo**, e a economía familiar completábase coa cría de gando. Só unha parte destes produtos se vendía no mercado.

- **Na actualidade** a agricultura tende a **especializarse en cultivos de horta en réxime intensivo e forraxes** (prados, alfalfa, trevo, millo forraxeiro), en consonancia co desenvolvemento gandeiro.

* **Gandería** é a actividade agraria máis importante. Vese favorecida polo clima, pola demanda urbana de **leite e de carne**, e pola escasa poboación rural, dado que require menos man de obra.

- En **Galicia** predominan a **pequena e a mediana explotación familiar**. Na **fachada cantábrica**, as **explotacións modernizáronse máis** en tamaño e equipamento, aínda que tamén está moi estendida a gandería a tempo parcial nas pequenas explotacións.

- **Predomina o gando bovino**. O de **aptitude cárnica**, en **réxime extensivo ou semiextensivo**, orientase á produción de becerros; e o de **aptitude leiteira**, en **réxime intensivo**, á produción de leite e dos seus derivados.

Explotación forestal

- O **bosque caducifolio orixinal** foi substituído en moitas zonas por **piñeiros ou eucaliptos**, de crecemento máis rápido. É unha actividade **importante sobre todo en Galicia**. Dédicase a **industria do moble** ou á **obtención de pasta de papel**.